


RAFA NADAL



Ola, lectores e lectoras da revista *Intres*! Vouvos contar un pouco do noso heroe español do tenis. Xa sabedes de quen se trata, non? Como non sabelo!

Rafa Nadal, este xenio do tenis, naceu en Manacor (Mallorca) o 3 de xuño de 1986.

A súa familia chegou a Manacor no S. XVI, e a actual xeración é unha piña. Seu pai, Sebastián, é propietario de un restaurante, e Toni, o seu tío, é profesor da escola do Club de Tenis de Manacor e é o adestrador do seu sobriño dende hai 15 anos. Ten unha irmá de 13 anos.

Rafa garda todos os trofeos que conseguiu e posters seus anunciando roupa.

Gústalle as cancións de Maná, Bon Jovi e Bryan Adams; e admira os actores Denzel Washington e Morgan Freeman.

Á hora de xogar é agresivo, decidido e valente, este rapaz de ollos marróns e músculos de aceiro viaxa moito e no tempo libre non descoida os amigos. Tamén xoga ao golf e gústalle moito as carreiras de Fórmula 1.

Tiña oito anos cando debutou no seu primeiro campionato en Baleares do que resultou gañador; chegou á terceira rolda do torneo de Wimbledon con 17 anos. Rafa entrena catro horas ao día e fai quentamento no vestiario e dúchase antes de xogar. É zurdo cando xoga ao tenis e ao fútbol e destro cando come e escribe.

Despídese a maior afeccionada de Rafa Nadal.

PAULA RIVADULLA PAMPÍN, B1C

PAIXÓN DE GABIÁNS



Este é o "culebrón" máis visto na televisión nos últimos días.

É incríbel o éxito que ten esta telenovela en moitísimos lugares ademais de España.

Maioritariamente esta serie é vista porque aparecen Michel Brown (Franco), Juan Alfonso (Óscar) e Mario Cimarro (Juan), aínda que eles digan que é porque ten un guión moi ben elaborado,

unha excelente fotografía e porque é unha novela dedicada ás mulleres.

Hai uns días, en Madrid como en Barcelona, levantáron moitas "paixóns", até tal punto que nais e fillas berraban coma nenas, choraban e incluso houbo desmaios cando estes rapaces pasaban ao seu lado.

A min isto xa me parece demasiado e non é culpa dos gabiáns, senón da xente que está un pouco obsesionada. E cando digo "xente", non me refiro a un grupiño de persoas, senón a miles e miles de nenínos/as de seis anos, rapaces e rapazas adolescentes, adultos e incluso persoas de uns sesenta e cinco anos.

Unha cousa é ver a no-

vela, que por certo engan-cha moito e ten boa música, e outro é namorarse de alguén que nunca viches ou que só puidiches apreciar a uns metros, entre unha multitude de xente berrando coma tola.

P.D. Sen ánimo de ofender

